

‘Papagena’, a ópera electrónica en galego dirixida por ButacaZero, chega a Caldas de Reis este domingo 9 de outubro

Sobre o escenario estarán a soprano Esperanza Mara e o barítono cambadés Jacobo Rubianes que actúan acompañados no escenario polo director musical da peza, Iago Hermo, compositor ademais da música e do libreto

A ópera será no Auditorio Municipal de Caldas de Reis ás 19 h e a entrada é libre ata completar o aforo



Foto de escena da ópera electrónica *Papagena* © Miramemira

5 de outubro de 2022.- *Papagena*, á última creación da compañía ButacaZero, dirixida por Xavier Castiñeira e Esther F. Carrodegas, vaise representar este domingo 9 de outubro, ás 19.00 h, no Auditorio Municipal de Caldas de Reis. Trátase dunha **ópera electrónica contemporánea de pequeno formato en galego**, con perspectiva de xénero, que narra a historia dunha parella engaiolada nunha relación tóxica. O elenco está formado pola soprano **Esperanza Mara** e o barítono cambadés **Jacobo Rubianes Castelo** que actúan acompañados no escenario por **Iago Hermo**, compositor da ópera e do libreto e tamén director musical da peza.

O espectáculo é gratuito e ten entrada libre ata completar o aforo. Esta función enmárcase no programa ‘Confianza Cultura’ da Deputación de Pontevedra que tamén levará *Papagena* ata outros tres puntos da provincia: **Tui** (21 de outubro), **Gondomar** (5 de novembro) e **Bueu** (19 de novembro).



Papagena é unha ópera electrónica inspirada na parella de persoas-paxaro da célebre *A fruta máxica*, de Wolfgang Amadeus Mozart. A peza, **na que Castiñeira e Carrodegua asumen por primeira vez a dirección escénica dunha ópera**, nace da vontade de afondar nos clixés de xénero presentes no eido da creación operística, mais tamén **pretende rachar con outras percepcións habitualmente asociadas ao mundo da lírica**: a lingua, os espazos de representación, o público destinatario ou mesmo o formato, o vestuario ou a escenografía, que non contará con elementos analóxicos e se baseará no espectralismo minimalista. O resultado, coa colaboración de Ana Arteaga na escenografía e de Diego Valeiras no vestuario, é un espectáculo **musicalmente inmersivo e visualmente contemporáneo** que levará a ópera a vilas onde non adoita chegar este estilo musical.

Así, alén de Pontevedra, a xira de **Papagena** tamén ten previstas funcións en **Narón** (15 de outubro), **Oleiros** (29 de outubro), **Celanova** (6 de novembro), **Muros** (12 de novembro), **Boiro** (18 de novembro) e **Foz** (25 de novembro). Na meirande parte das vilas o público poderá gozar desta **experiencia única e inmersiva de xeito totalmente gratuíto**. Todas as datas, horarios e sistema de acceso ás funcións de **Papagena** está dispoñible na páxina web da compañía, butacazero.net.

APOSTA POLA CREACIÓN EMERXENTE E O TERRITORIO

Con esta nova produción, unha **ópera galega e en galego**, ButacaZero mantén a súa aposta polo **risco escénico, pola creación emerxente** a través da colaboración con artistas de Galicia e pola **creación vinculada á temática social e cunha fonda implicación no territorio**. Neste sentido, un dos principais obxectivos da compañía viguesa é construír país arredor da cultura. Para iso, adaptarán a ópera contemporánea á realidade social galega, levándoa, ao longo do vindeiro trimestre, a espazos non convencionais para a súa representación. A entrada será de balde en todas as funcións para favorecer, deste xeito, o achegamento á ópera tanto do público adolescente coma adulto.

CONTACTO DE PRENSA BUTACAZERO

The Office Comunicación
Bea Pérez | 604 070 409
Luisa Castiñeira | 620 113 155
Lucía Pita | 675 404 321
prensa@theofficeco.es

KIT DE PRENSA 'PAPAGENA'

<https://cutt.ly/Papagena>